

**Dna. MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria do Concello de Ponte Caldelas, provincia de Pontevedra.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data **25 de xaneiro de 2019**, adoptou, entre outros, o seguinte acordo

**9.1 Aprobación das bases dos Concursos da Festa da Troita 2019.**

Dáse lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA.

BASES CONCURSOS FESTA DA TROITA 2019

**BASES CONCURSO DE CARTEIS “LIII FESTA DA TROITA” PONTE CALDELAS 2019.**

1. O presente Concurso ten como obxecto seleccionar o cartel oficial da “LIII FESTA DA TROITA” de Ponte Caldelas.
2. O formato do cartel será de 45x60 centímetros como tamaño mínimo e máximo de 70x100, e poderá presentarse sobre o soporte ou montaxe exterior que o autor ou autora creese oportuno.
3. O cartel levará de forma obrigatoria o seguinte texto:  
LIII FESTA DA TROITA  
PONTE CALDELAS 2019  
18 e 19 de maio (opcional, no seu caso engadiríase posteriormente en imprenta)
4. Poderán participar artistas nacionais e estranxeiros, persoa física, maior de idade.
5. Cada artista poderá presentar un máximo de dúas obras, inéditas, de técnica libre. No caso de presentación de máis de dúas obras consideraranse excluídas todas as obras presentadas.
6. O **prazo de admisión dos traballos abrírase o 15 de febreiro e pecharase o 15 de marzo de 2.019 ás 14:00 horas**. Os traballos presentaranse de luns a venres en: Concello de Ponte Caldelas, Avenida de Galicia nº 17, 36820 Ponte Caldelas. En horario de 9 a 14:00 horas.
7. Os traballos deberán ir montados sobre un soporte ríxido e convenientemente embalados.
8. Os carteis serán presentados sen firma do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo do cartel. Irán acompañados dun sobre pechado en cuxo exterior figurará o mesmo lema do cartel. No interior do sobre depositarase unha nota, escrita a máquina, co nome e apelidos do autor ou autora, residencia, domicilio, número de teléfono e fotocopia do Documento Nacional de Identidade. Tamén deberá de acompañar unha declaración xurada no que se reflecta a autoría da obra e o seu carácter de inédita. **Esta documentación será obrigatoria e motivo de exclusión no caso de non presentarse no prazo de requerimento establecido.**
9. A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas a Concurso.
10. Os gastos de envío e devolución das obras serán por conta dos concursantes.
11. O Concello de Ponte Caldelas resérvase a facultade de inserir o escudo do Concello no cartel anunciador da “LIII FESTA DA TROITA”, e de modificar ou substituír, no seu caso, o escudo que apareza no orixinal, así como de variar o emprazamento do mesmo na composición definitiva do citado cartel.
12. Sistema de elección do cartel.-
  - a) Coas obras presentadas o Concello de Ponte Caldelas organizará unha exposición pública no Centro Cultural (Rúa Emigrante s/n, Ponte Caldelas) e na web [www.pontecaldelas.org](http://www.pontecaldelas.org) entre os días 25 e 29 de marzo (aberta en días laborais). Nesta exposición os veciños e veciñas de Ponte Caldelas poderán coñecer os traballos presentados. As obras estarán expostas de maneira anónima, é dicir, non figurarán os datos persoais do autor ou autora. **Nesta exposición estarán sinaladas as 3 obras que previamente serán seleccionadas polo Xurado composto ó efecto.**

b) Aqueles veciños **maiores de idade** que así o desexen poderán emitir un único voto de entre as 3 obras sinaladas polo Xurado. Terán a condición de elector unicamente as persoas que figuren como alta no Padrón Municipal de habitantes no día de emisión do voto.

c) Os modelos de emisión do voto serán facilitados na propia exposición e nas oficinas de rexistro do Concello de Ponte Caldelas e deberán de ir debidamente asinados e acompañados da fotocopia do Documento Nacional de Identidade correspondente.

d) A obra gañadora será a que reciba máis votos. Este sistema de elección será válido unicamente no caso en que se acaden un mínimo de 25 veciños votantes. No caso contrario a elección será levada a cabo polo Xurado que designará de entre as tres obras previamente sinaladas. **En caso de empate será o Xurado o que designe á obra gañadora.**

e) A composición do Xurado será a seguinte:

Presidente: Sr. Alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Vogais: D. Alfonso Gutiérrez Santiago e D. Manuel Xesús Muíños Rodríguez, tenentes de alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen deleguen, e dous membros designados pola Xunta de Goberno.

Secretario: A Secretaria do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Neste Xurado todos os seus membros contarán con voz e voto excepto a Secretaria que constará a efectos meramente administrativos.

13. O Xurado considerará, prioritariamente, a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo como cartel publicitario e a súa sintonía co espírito da "Festa da Troita" así como co concepto e carácter de sustentabilidade da mesma.
14. O fallo do Xurado ou o resultado da votación será publicado nos medios de comunicación local e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ponte Caldelas. Asimesmo resérvase o dereito de declarar deserto o premio no caso de que ningunha das obras presentadas se axusten ás presentes Bases ou non representen a mensaxe e espírito da festa.
15. Establécese un único premio de 400 Euros. Os premios serán pagados no Concello de Ponte Caldelas previa solicitude do interesado e estarán suxeitos ás retencións e impostos contemplados na lexislación vixente.
16. O ganador do premio outorga ó Concello de Ponte Caldelas a propiedade do cartel. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Ponte Caldelas adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, tódolos dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderá libremente e sen pago de máis prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.
17. Coa obra ganadora e as presentadas, o Concello de Ponte Caldelas resérvase o dereito de organizar unha exposición. Igualmente resérvase o dereito de organizar outras exposicións públicas en espazo e datas a determinar. Neste suposto, os carteis seleccionados poderán ser retirados no prazo de trinta días hábiles seguintes á clausura da última das exposicións.  
Os autores das obras exhibidas que no teñan obtido premio non terán dereito a contraprestación económica algunha e poderán solicitar que se emita un certificado de participación.
18. A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado e da votación.

19. As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “LIII FESTA DA TROITA”. PONTE CALDELAS 2019.**

1. O presente Concurso ten como obxecto a difusión cultural, relance e promoción da “Festa da Troita” de Ponte Caldelas.
2. A temática das fotografías a presentar versará sobre a “Festa da Troita” de Ponte Caldelas, o municipio, as labores tradicionais, as xentes,... así como o concepto e carácter de sustentabilidade da mesma.
3. Presentación de fotografías: fotos a cor ou en branco e negro, brillo ou mate, con un tamaño mínimo de 15x20 centímetros. Non se aceptarán fotografías que teñan sido manipuladas por ordenador.
4. Poderán participar artistas nacionais e estranxeiros, persoa física, maior de idade. Cada artista poderá presentar un máximo de dúas obras. No caso de presentación de máis de dúas obras consideraranse excluídas todas as obras presentadas.
5. O **prazo de admisión dos traballos abrírase o 15 de febreiro e pecharase o 15 de marzo de 2.019 ás 14:00 horas**. Os traballos presentaranse de luns a venres en: Concello de Ponte Caldelas, Avenida de Galicia nº 17, 36820 Ponte Caldelas. En horario de 9 a 14:00 horas.
6. As obras serán presentadas sen firma do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo da fotografía. Irán acompañadas dun sobre pechado en cuxo exterior figurará o mesmo lema que o das fotografías. No interior do sobre depositarase unha nota, escrita a máquina, co nome e apelidos do autor, residencia, domicilio, número de teléfono e fotocopia do Documento Nacional de Identidade. Tamén acompañará unha declaración xurada na que se reflecta a autoría da obra. **Esta documentación será obrigatoria e motivo de exclusión no caso de non presentarse no prazo de requerimento establecido.**
7. A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas ó Concurso.
8. Os gastos de envío e devolución das obras serán por conta dos concursantes.
9. Sistema de elección das fotografías premiadas.-
  - a) Coas obras presentadas o Concello de Ponte Caldelas organizará unha exposición pública no Centro Cultural (Rúa Emigrante s/n, Ponte Caldelas) e na web [www.pontecaldelas.org](http://www.pontecaldelas.org) entre os días 25 e 29 de marzo (aberta en días laborais). Nesta exposición os veciños e veciñas de Ponte Caldelas poderán coñecer os traballos presentados. As obras estarán expostas de maneira anónima, é dicir, non figurarán os datos persoais do autor ou autora. **Nesta exposición estarán sinaladas as 9 obras que previamente serán seleccionadas polo Xurado composto ó efecto.**
  - b) Aqueles veciños **maiores de idade** que así o desexen poderán emitir un único voto de entre as 9 obras sinaladas polo Xurado. Terán a condición de elector unicamente as persoas que figuren como alta no Padrón Municipal de habitantes no día de emisión do voto.
  - c) Os modelos de emisión do voto serán facilitados na propia exposición e nas oficinas de rexistro do Concello de Ponte Caldelas e deberán de ir debidamente asinados e acompañados da fotocopia do Documento Nacional de Identidade correspondente.
  - d) A obra gañadora será a que reciba máis votos. Este sistema de elección será válido unicamente no caso en que se acaden un mínimo de 25 veciños votantes. No caso contrario a elección será levada a cabo polo Xurado que designará de entre as nove obras previamente sinaladas. **En caso de empate será o Xurado o que desfaga o mesmo.**

e) A composición do Xurado será a seguinte:

Presidente: Sr. Alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Vogais: D. Alfonso Gutiérrez Santiago e D. Manuel Xesús Muíños Rodríguez, tenentes de alcalde do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen deleguen, e dous membros designados pola Xunta de Goberno.

Secretario: A Secretaria do Concello de Ponte Caldelas ou persoa en quen delegue.

Neste Xurado todos os seus membros contarán con voz e voto excepto a Secretaria que constará a efectos meramente administrativos.

O Xurado considerará, prioritariamente, a creatividade, o vigor da mensaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a súa sintonía co espírito da “Festa da Troita” e o concepto e carácter de sustentabilidade da mesma.

10. O fallo do Xurado ou o resultado da votación será publicado nos medios de comunicación local e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ponte Caldelas. Asimesmo resérvase o dereito de declarar deserto o premio no caso de que ningunha das obras presentadas se axusten ás presentes Bases ou non representen a mensaxe e espírito da festa.
11. Establécese un primeiro premio de 300 Euros, un segundo premio de 200 Euros e un terceiro premio de 100 Euros. Os premios serán pagados no Concello de Ponte Caldelas previa solicitude do interesado e estarán suxeitos ás retencións e impostos contemplados na lexislación vixente.
12. Os gañadores do premio correspondente outorgarán ó Concello de Ponte Caldelas a propiedade da obra. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Ponte Caldelas adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, tódolos dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderá libremente e sen pago de máis prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible o intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.
13. Coas obras gañadoras e as presentadas, o Concello de Ponte Caldelas resérvase o dereito de organizar unha exposición. Igualmente resérvase o dereito de organizar outras exposicións públicas en espazos e datas a determinar. Neste suposto, as fotografías seleccionadas poderán ser retiradas no prazo de trinta días hábiles seguintes á clausura da última das exposicións.  
Os autores das obras exhibidas que no teñan obtido premio non terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición se indicará a autoría e poderán solicitar que se emita un certificado de que a obra teña participado en dita exposición.
14. As fotografías (copias en papel) pasarán a formar parte dos arquivos do Concello de Ponte Caldelas. O uso destas copias será exclusivamente para a promoción turística do municipio.
15. A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado e da votación.
16. As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

#### **BASES CERTAME DE REDACCIÓN, LIII FESTA DA TROITA.**

PRIMEIRA.- Poderán concorrer ó concurso tódolos autores e autoras con idades comprendidas de acordo ás seguintes categorías:

- A) Entre os 9 e os 11 anos ámbalas inclusive.
- B) Entre os 11 e os 18 anos ámbalas inclusive.

SEGUNDA.- As redaccións terán unha extensión mínima dun folio (por ámbalas dúas caras) e máxima de dous, sendo a mesma extensión pero a unha soa cara para os participantes na categoría A. O contido a desenrolar será, obrigatoriamente, sobre algún tema relacionado con Ponte Caldelas: tradicións, festas, lendas, paisaxes, contos, ... así como sobre o concepto de sustentabilidade, actividades sostibles, etc. Poderanse presentar escritos a man (letra lexible) ou ben a ordenador ou a máquina. O **prazo de entrega** das redaccións **comeza o vindeiro 15 de febreiro e remata o 15 de marzo**.

TERCEIRA.- Os traballos entregaranse na Oficina de Información Xuvenil do Concello de Ponte Caldelas (Centro Cultural) ou ben ó mestre/a que funcione como responsable no IES de Ponte Caldelas, no CP A Reigosa ou no CP Manuel Cordo Boullosa.

CUARTA.- Establécese un primeiro premio por categoría consistente en: publicación da obra no "Libro da Festa da Troita", agasallo conmemorativo e **unha tablet (por un valor estimado de 150€)**.

QUINTA.- O Xurado estará formado polo mestre responsable no IES, o seu homólogo no CP Cordo Boullosa e CP A Reigosa e un representante do Concello de Ponte Caldelas.

SEXTA.- Os premios entregaranse nun acto oficial a celebrar en cada centro educativo.

SÉPTIMA.- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes Bases, así como a decisión do Xurado que será inapelable.

OITAVA.- As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Visto o expediente e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015 propono que a Xunta de Goberno Local ACORDE:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases recollidas na presente proposta.

SEGUNDO.- Iniciar a tramitación e posta en marcha dos concursos por parte do departamento correspondente.

TERCEIRO.- Nomear como membros do Xurado ós seguintes:

- D. Juan Manuel Lois Bascoy, fotógrafo.
- D. Anxo Barros Monteagudo, xornalista.

Visto o expediente arriba reseñado e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

**A Xunta de Goberno Local ACORDA A SÚA APROBACIÓN por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as asistentes.**

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Vº e Pr.

**O Alcalde,**

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

**A Secretaria,**

Asdo.: Mª Beatriz Del Cerro Del Río